



SESION ORDINARIA DE 28 DE SETEMBRO DE 2021

(Acta número 08)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
 D^a. M^a. del Pilar García Porto
 D. Pablo Rivera Capón
 D^a. Mayra García Bermúdez
 D. Roberto Fernández Rico
 D. Xosé M^a. Arias Fernández
 D. José Luis Raposo Magdalena
 D^a. Mónica Freire Rancaño
 D. Efrén Castro Caloto
 D. Javier Jorge Castiñeira
 D. Agustín Baamonde Díaz
 D. José Antonio García López
 D. Roberto García Pernas
 D^a. Dolores Castro Ochoa
 D. Pablo Taboada Camoira
 D. José Jesús Novo Martínez
 D^a. María Loureiro García
 D. Oscar Poy Franco
 D. José Pardo Lombao
 D. Francisco Javier Balado Teijeiro
 D. José Ángel Santos Sánchez
 D. Jesús Manuel Núñez Díaz
 D^a. Ana M^a. González Abelleira
 D. José Manuel Gómez Puente

Secretaría:D^a. María Esther Álvarez Martínez**Interventora:**D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do día **vinte e oito de setembro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	1/41



1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE XULLO DE DOUS MIL VINTE E UN.

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de xullo de dous mil vinte e un, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=1

2.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL ANTE O ANUNCIO DO PECHE DAS INSTALACIÓN DE VESTAS EN VIVEIRO.


Por parte do Presidente indícase que hai unha proposta de Declaración Institucional asinada polos Voceiros e polos que exercían de Voceiros dos tres Grupos Provinciais, D. Oscar Poy Franco polo Grupo Provincial do Partido Popular, Dona Pilar García Porto polo Grupo Provincial Socialista, e Don Efrén Castro Caloto polo BNG; e da que paso a dar lectura seguidamente:

Declaración Institucional ante o anuncio do peche das instalación de Vestas en Viveiro.

“Ante o anuncio do peche das instalacións da empresa Vestas en Viveiro, a Deputación Provincial de Lugo quere amosar, en primeiro lugar, o seu apoio ós traballadores/as e ás familias afectadas pola decisión da empresa, tanto aqueles vinculados directamente á mesma como ós relacionados cas empresas auxiliares.

Durante as últimas dúas décadas, Vestas converteuse na industria máis importante de Viveiro, cunha plantilla que chegou a acadar os 300 traballadores/as nos mellores momentos da súa andaina, e cunha facturación de 640 millóns de euros no ano 2012.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	2/41



O anuncio do peche é, xa que logo, unha mala noticia para os traballadores/as, para o concello de Viveiro e para o conxunto da Mariña, e polo tanto, para a provincia de Lugo, e chega nun momento en que a sociedade lucense traballa para recuperar a normalidade e impulsar un restablecemento da actividade económica que nos axude a superar os efectos da pandemia.

Dende a Deputación de Lugo seguiremos a traballar dentro das nosas capacidades orzamentarias, e esgotando o noso marco competencial, para deseñar políticas de desenvolvemento e xeración de emprego estable en todo o territorio. Seguiremos promovendo políticas de emprego, fomentando a colaboración co tecido produtivo e ca investigación universitaria, e defendendo os investimentos necesarios que consoliden a Lugo como un entorno industrial competitivo.

Estaremos a carón dos traballadores/as afectados e das súas familias, e traballaremos para paliar o antes posible o efecto desta decisión empresarial, tan negativa para os veciños e veciñas de da provincia de Lugo”.

A Declaración Institucional anteriormente transcrita é aprobada por aclamación.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=2

PARTE RESOLUTIVA


COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO

3.- PROPOSTA RELATIVA Á SOLICITUDE DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA VÍA PROVINCIAL LU-P-5102.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	3/41



“O Concello de Rábade mediante escrito presentado no rexistro provincial o 14 de xullo de 2021 da traslado a esta Deputación Provincial do acordo do Pleno Municipal celebrado o 12 de xullo de 2021, de solicitude de cesión gratuíta da titularidade do tramo urbano da rede viaria provincial que, situada no termo municipal de Rábade, coincide coa rúa Músico Crisanto baixo a denominación LU-P-5102 N VI á Estación de Rábade.

O dito acordo, expresa o interese por dita transferencia de titularidade atendendo á recente urbanización da rúa Músico Crisanto e considera adecuada a xestión municipal deste vial polo seu carácter eminentemente urbano.

Baixo o CSV IV7FUADJF5F33OOZQMN5LYIQJY o Servizo Provincial de Vías e Obras informa o 1 de setembro de 2021 que da documentación aportada polo Concello identifícase que a solicitude recae sobre a estrada provincial que se desenvolve íntegramente no dito termo municipal.

Así mesmo expresa que de acordo co Catálogo da Rede Viaria Provincial, aprobado en Sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Lugo do 28 de novembro de 2017, e modificación nº1 do 30 de abril de 2019, a estrada conta cunha lonxitude de 184,00 m e presenta un firme formado por adoquíns de granito, con anchura media de 12,00 m, contando con beirarrúas e rede de drenaxe soterrada. O estado da estrada é bo.

Tendo en conta que a lexislación sectorial está presidida pola Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e o Regulamento xeral de estradas de Galicia aprobado por Decreto 66/2016 do 26 de maio.

Tendo en conta que o cambio de titularidade *podrá comprender carreteras, tramos de éstas, elementos funcionales y/o espacios de la zona de dominio público adyacente e que se realizará conforme o teor do artigo 9.4 da citada Lei: “Los cambios de titularidad de carreteras o de tramos de éstas, cuando no se trate de travesías urbanas o tramos de éstas que estén incluidos en el inventario de travesías de su administración titular, deberán ser aprobados por decreto de la Xunta de Galicia, a propuesta de la consejería competente en materia de carreteras y previo acuerdo entre las administraciones afectadas”.*

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	4/41



Ademais o seu número 6 dispón que “Las resoluciones o los decretos por los que se aprueben los cambios de titularidad de las carreteras objeto de esta ley deberán ser publicados en el Diario Oficial de Galicia y serán efectivos al día siguiente de su publicación en aquél.”

Así mesmo, e en relación ao procedemento para o cambio de titularidade das estradas o Decreto 66/2016 de 26 de maio do Regulamento xeral de estradas de Galicia esixe no seu artigo 18.11: “Los cambios de titularidad de tramos de carreteras a favor de administraciones de menor ámbito territorial sólo se llevarán a cabo cuando se trate de tramos terminales o cuando no impliquen la interrupción de ninguno de los itinerarios de los que forme parte sin que exista una alternativa viaria, existente o planificada, para todos ellos que proporcione un nivel de servicio al menos equivalente, a través de la red de carreteras de la Administración cedente o de las redes de carreteras de titularidad de administraciones de mayor ámbito territorial”.

Consta no expediente o informe favorable do Servizo de Vías e Obras concordado pola Presidencia desta Deputación Provincial de data 1 de setembro de 2021 que, acompañado da súa planimetría, literalmente di:

“(…) a estrada LU-P-5102, comprendida entre as coordenadas UTM29 ETRS89 X=611.694 Y=4.775.069 (pq 0+000) e X=611.834 Y=4.775.188 (pq 0+184), que discorre íntegramente polo termo municipal de Rábade é susceptible de cesión de titularidade.

É polo que este Servizo de Vías e Obras informa favorablemente o cambio de titularidade ao Concello de Rábade da estrada provincial LU-P-5102 “N-VI-Estación de Rábade”, de lonxitude total 184,00 m.”.

Baixo o CSV IV7FWKLJOHWJKVJCBT7TAU7Q6M consta no expediente informe favorable da Secretaría Xeral do 14 de setembro de 2021 á solicitude de cambio de titularidade da estrada provincial mencionada a favor do Concello de Rábade. Así mesmo conta coa conformidade da Intervención segundo o contido dos artigos 54 do RDL 781/86 de 18 de abril e 173 do RD 2568/86 de 28 de novembro, en relación co artigo 47.2.ñ) da Lei 7/85 de 2 de abril, ademais do establecido nos artigos 3 e 4 do RD 128/2018 de 16 de marzo polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios da Administración Local con Habilitación Nacional.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	5/41



Por imperativo legal, contido no nº 4 do artigo 9 da referida Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia, o pretendido cambio de titularidade aprobarase por Decreto da Xunta de Galicia previo acordo das administracións afectadas, a cuxos efectos darase conta do acordo plenario provincial ao Concello interesado para a súa aceptación, se procedese. Os citados acordos remitiranse á Consellería competente en materia de estradas para a súa proposta de aprobación. A resolución ou decreto polo que se aprobe o cambio de titularidade das estradas deberán ser publicados no DOGA e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación (nº 6 do citado artigo 9).

Unha vez aprobado o cambio de titularidade formalizarase mediante acta de entrega subsrita entre as administracións interesadas segundo a esixencia expresada no artigo 18 números 6.7.e 8 do Decreto 66/2016 do Regulamento xeral de estradas de Galicia.

De conformidade ao exposto e en aplicación do nº 23 do artigo 57 do noso Regulamento Orgánico proponse ao Pleno:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Rábade da estrada provincial LU-P-5102, “N-VI-Estación de Rábade”, de lonxitude total 184,00 m comprendida entre as coordenadas UTM29 ETRS89 X=611.694 Y=4.775.069 (pq 0+000) e X=611.834 Y=4.775.188 (pq 0+184), que discorre íntegramente polo termo municipal de Rábade.

Segundo.- Remitir este acordo ao Concello de Rábade para a súa aceptación polo Pleno Municipal.

Terceiro.- Someter a aprobación á Xunta de Galicia o cambio de titularidade do referido tramo da estrada provincial”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	6/41



O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=3

4.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta do Secretario Xeral Adxunto, do seguinte teor:


“Dende a Granxa Gayoso Castro dependente da Deputación Provincial de Lugo, con datas 18 de marzo, 20 de maio, 12 e 13 de xullo do 2021, solicitan a sección de Inventario Xeral a inclusión no inventario de bens da Deputación das semoventes de gando bovino e equino pertencentes a esta granxa.

A Granxa Gayoso Castro acolle as explotacións de gando bovino con código REGA ES270100183701, e gando equino para centro de ensino con código REGA ES270100179301, cuxo titular é a Deputación Provincial de Lugo, e clasificación zootécnica de reprodución e produción mixta, situada na Avda. Terra Chá s/n Duarria- Castro de Rei.

O procedemento administrativo de modificación no inventario de bens das Corporacións Locais aparece contemplado no Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño e na Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (B.O.E. nº 264, 4 de novembro de 2003) . O procedemento a seguir será o descrito nos artigos 17, 26 e 34 do RD 1372/1986.

As semoventes que van a ser incluídas no inventario de Bens da Excm. Deputación provincial de Lugo, son as seguintes:

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	7/41



GANDO BOVINO

Frisona

Crotal/NPU	Sexo	Data de nacemento	Explotación de nacemento	Crotal da nai
ES001110473603	Macho	21/01/16	ES270100183701	ES041110015007
ES001111946849	Macho	25/09/17	ES270100183701	ES021110015005
ES001111946872	Macho	17/01/18	ES270100183701	ES091109775508
ES001112366627	Femia	18/06/19	ES270100183701	ES021110015061
ES001112748136	Femia	12/11/19	ES270100183701	ES061110473609
ES001112905891	Femia	30/03/20	ES270100183701	ES081112099187
ES001112905904	Femia	28/08/20	ES270100183701	ES021110015061
ES001113398745	Femia	21/01/21	ES270100183701	ES001110473603
ES001113398756	Femia	01/04/21	ES270100183701	ES011109353744
ES011109353744	Macho	19/10/12	ES270100093601	ES001108661535
ES011110015004	Macho	08/10/13	ES270100093601	ES091108682284
ES011110833164	Macho	14/11/16	ES270100183701	ES031110015006
ES011111004718	Macho	04/06/17	ES270100183701	ES021109775512
ES011111946873	Macho	25/11/17	ES270100183701	ES091110473613
ES011112178311	Macho	22/05/18	ES270100183701	ES031108134223
ES011112366640	Macho	12/11/18	ES270100183701	ES031110473582
ES011113398746	Femia	28/01/21	ES270100183701	ES011112366640
ES011113398757	Femia	19/04/21	ES270100183701	ES091111946848
ES021109775512	Macho	13/07/13	ES270100093601	ES051108960974
ES021110015061	Macho	07/03/14	ES270100093601	ES001108134253
ES021110473616	Macho	11/11/15	ES270100183701	ES021108134288
ES021112366594	Macho	25/03/19	ES270100183701	ES021110473616
ES021112366618	Femia	19/07/19	ES270100183701	ES041110473583
ES021112366629	Femia	15/02/19	ES270100183701	ES071110833160
ES021112366641	Femia	17/11/18	ES270100183701	ES061110473609
ES021112748127	Femia	22/02/20	ES270100183701	ES011110015004
ES021112905893	Femia	26/03/20	ES270100183701	ES051110473619
ES021112905906	Femia	04/09/20	ES270100183701	ES001111946849
ES021112905917	Femia	08/01/21	ES270100183701	ES011110473580
ES031110473582	Macho	21/03/16	ES270100183701	ES091111210401
ES031111004710	Macho	26/01/17	ES270100183701	ES031108134223
ES031112366608	Femia	07/06/19	ES270100183701	ES041111058995
ES031112366620	Femia	07/08/19	ES270100183701	ES011108134185

	IV7FTA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	8/41



ES031112366642	Macho	19/11/18	ES270100183701	ES011110015004
ES031112748128	Femia	13/12/19	ES270100183701	ES091109775508
ES031112748139	Femia	30/11/19	ES270100183701	ES081111946869
ES031112905894	Femia	24/02/00	ES270100183701	ES051112099184
ES041109353703	Macho	10/10/12	ES270100093601	ES051107733391
ES041110473583	Macho	21/03/16	ES270100183701	ES021110015005
ES041111058995	Macho	23/08/17	ES270100183701	ES071108758512
ES041111946876	Macho	18/12/17	ES270100183701	ES081111210364
ES041112905895	Femia	03/07/20	ES270100183701	ES091112178320
ES041112905908	Femia	24/09/20	ES270100183701	ES011111004718
ES051111058996	Macho	24/08/17	ES270100183701	ES091111210401
ES051111946866	Macho	07/02/18	ES270100183701	ES011110473626
ES051112099184	Macho	28/03/18	ES270100183701	ES041111210360
ES051112366633	Macho	23/02/19	ES270100183701	ES081111004704
ES051112905896	Femia	19/07/20	ES270100183701	ES021110473616
ES051112905909	Femia	17/11/20	ES270100183701	ES081111210364
ES051112905910	Femia	17/11/20	ES270100183701	ES081111210364
ES061110833170	Macho	04/08/16	ES270100183701	ES071108758512
ES061110833181	Macho	14/05/16	ES270100183701	ES091108865296
ES061112366612	Femia	01/05/19	ES270100183701	ES051110473619
ES061113398752	Femia	03/03/21	ES270100183701	ES041111946876
ES071110473597	Macho	05/02/16	ES270100183701	ES041109353703
ES071111946868	Macho	04/02/18	ES270100183701	ES011108134185
ES071112748133	Femia	23/10/19	ES270100183701	ES071110473597
ES071112905901	Femia	07/08/20	ES270100183701	ES081110473598
ES081111004704	Macho	08/12/16	ES270100183701	ES041110015052
ES081111210364	Macho	04/04/15	ES270100183701	ES031108800406
ES081111210400	Macho	07/11/14	ES270100183701	ES051108960974
ES081111946869	Macho	10/01/18	ES270100183701	ES091110473635
ES081112099187	Macho	24/03/18	ES270100183701	ES031111210392
ES081112366625	Femia	08/07/19	ES270100183701	ES041110015052
ES081112748134	Femia	06/11/19	ES270100183701	ES081110833183
ES081112905902	Femia	07/08/20	ES270100183701	ES041110473583
ES091111946848	Macho	19/09/17	ES270100183701	ES041109353725
ES091112178320	Macho	13/08/18	ES270100183701	ES061110833181
ES091112366626	Femia	14/07/19	ES270100183701	ES081110473598
ES091112748124	Femia	20/01/20	ES270100183701	ES071111946868
ES091112748135	Femia	11/11/19	ES270100183701	ES031108134223
ES091112905903	Femia	17/08/20	ES270100183701	ES061110833170

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	9/41



ES091113398755	Femia	26/03/21	ES270100183701	ES031110473582
ES031112905907	Macho	05/09/20	ES270100183701	ES041109353703
ES031113398760	Macho	05/07/21	ES270100183701	ES011112178311
ES061113398785	Femia	03/07/21	ES270100183701	ES021112366618
ES081113398787	Femia	01/07/21	ES270100183701	ES011110833164
ES091113398788	Femia	25/06/21	ES270100183701	ES081112099187
ES011113398768	Macho	13/07/21	ES270100183701	ES021112366629

Cachena

Crotal/NPU	Sexo	Data de nacemento	Explotación de nacemento	Crotal da nai
ES001111946861	Femia	05/04/18	ES270100183701	ES001108134286
ES011111946862	Femia	12/02/18	ES270100183701	ES031110833177
ES011112178333	Macho	03/08/18	ES270100183701	ES031110833166
ES021111004720	Macho	24/06/17	ES270100183701	ES001111210399
ES031112099193	Macho	20/04/18	ES270100183701	ES091108134296
ES031112178313	Macho	03/08/18	ES270100183701	ES041111004700
ES031112366619	Macho	07/08/19	ES270100183701	ES031110833166
ES031112905929	Femia	19/01/21	ES270100183701	ES081112099198
ES031113398782	Macho	08/05/21	ES270100183701	ES031112366619
ES041112905919	Macho	29/12/20	ES270100183701	ES071112099200
ES041112905920	Macho	04/01/21	ES270100183701	ES011112178333
ES041113398750	Femia	17/02/21	ES270100183701	ES031112099193
ES051112366597	Macho	25/03/19	ES270100183701	ES031111058994
ES051112748120	Femia	25/11/19	ES270100183701	ES071110473586
ES051112748131	Femia	14/08/19	ES270100183701	ES041111004700
ES051112905921	Femia	30/12/20	ES270100183701	ES031112178313
ES051113398751	Femia	23/02/21	ES270100183701	ES011111946862
ES061111058997	Femia	08/09/17	ES270100183701	ES001110015047
ES061112905922	Macho	23/12/20	ES270100183701	ES021111004720
ES071112099200	Macho	08/04/18	ES270100183701	ES021109353745
ES071112748122	Femia	08/01/20	ES270100183701	ES061109353738
ES071112905923	Femia	02/01/21	ES270100183701	ES051112366597
ES081110473598	Macho	02/02/18	ES270100183701	ES021110015061
ES081112099198	Macho	10/04/18	ES270100183701	ES071111210385
ES081112366589	Macho	03/04/19	ES270100183701	ES021111004720
ES091112905925	Macho	23/12/20	ES270100183701	ES021111004720
ES051113398784	Macho	08/05/21	ES270100183701	ES051111946855

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	10/41



ES001112366616	Femia	22/03/19	ES270100183701	ES001109353732
ES031110833166	Femia	01/09/16	ES270100183701	ES061111210395
ES031110833177	Femia	17/06/16	ES270100183701	ES071110015044
ES071110473586	Femia	30/03/16	ES270100183701	ES001109775510
ES031111058994	Femia	16/07/17	ES270100183701	ES071106506809
ES041111004722	Femia	18/06/17	ES270100183701	ES021110015049
ES041111946854	Femia	01/12/17	ES270100183701	ES041110473607
ES011112099180	Femia	06/05/18	ES270100183701	ES011109353722
ES041112099183	Femia	28/04/18	ES270100183701	ES001109775510
ES091112099202	Femia	31/03/18	ES270100183701	ES011110833186
ES071111210385	Femia	10/02/15	ES270100183701	ES061109083871
ES041111058984	Femia	04/07/17	ES270100183701	ES091111210365
ES011111058992	Femia	23/07/17	ES270100183701	ES011109353700
ES051111946855	Femia	27/02/18	ES270100183701	ES011110473591
ES041111004700	Femia	25/11/16	ES270100183701	ES091109353695
ES061109353738	Femia	31/03/13	ES270100183701	ES031106537300
ES071106506809	Femia	03/01/06	ES270100093601	ES081105040012
ES081112366589	Femia	03/04/19	ES270100183701	ES021111004720
ES051111236611	Femia	18/06/19	ES270100183701	ES041111946854
ES011112366617	Macho	14/03/19	ES270100183701	ES011109353722
ES001113398789	Femia	01/06/21	ES270100183701	ES001111946861
ES091113398766	Femia	05/07/21	ES270100183701	ES061111058997
ES081113398765	Femia	05/07/21	ES270100183701	ES051112366611
ES001113398767	Femia	05/07/21	ES270100183701	ES031111058983

GANDO EQUINO

Crotal/NPU	Sexo	Raza	Data de nacemento	Explotación de nacemento	Nome
724911270009025	Femia	Conxunto Mestizo	08/08/04	ES270100179301	204
724911270009026	Macho	Conxunto Mestizo	04/04/11	ES270100179301	Poldro
724911270009027	Femia	Conxunto Mestizo	08/09/01	ES270100179301	891
724911270009030	Macho	Conxunto Mestizo	08/09/04	ES270100179301	Macho
724911270009031	Macho	Conxunto Mestizo	08/05/10	ES270100179301	Poldro
724911270009032	Femia	Conxunto Mestizo	08/05/10	ES270100179301	Poldra

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	11/41



724911270009033	Macho	Conxunto Mestizo	04/04/11	ES270100179301	Poldra
724911270009034	Femia	Conxunto Mestizo	09/09/02	ES270100179301	214
724911270009035	Macho	Conxunto Mestizo	04/04/11	ES270100179301	Poldra
724911270009036	Macho	Conxunto Mestizo	03/02/11	ES270100179301	Tordo
724911273000382	Macho	Conxunto Mestizo	08/08/13	ES270100179301	Rubio
724911273000383	Macho	Conxunto Mestizo	08/08/13	ES270100179301	Castaño
724911273000384	Femia	Conxunto Mestizo	08/08/13	ES270100179301	Castaña

As semoventes de gando bovino que van a ser dadas de baixa no inventario de Bens da Excm. Deputación provincial de Lugo, son as seguintes:

- Por falecemento na propia explotación (REGA ES270100183701):

Crotal/NPU	Sexo	Data de nacemento	Explotación de nacemento	Crotal da nai
ES081112905913	Macho	26/11/20	ES270100183701	ES061110833181

- Por poxa celebrada con data 29 de xullo de 2021:

Frisona

Crotal/NPU	Sexo	Data de nacemento	Explotación de nacemento	Crotal da nai
ES021113398758	Macho	05/05/21	ES270100183701	ES071111946868
ES011112905905	Femia	29/08/20	ES270100183701	ES071110833160
ES081110833183	Femia	16/07/16	ES270100183701	ES031109775502
ES011110473626	Femia	24/09/15	ES270100183701	ES011108134221
ES091110473624	Femia	13/08/15	ES270100183701	ES021109775523
ES061110473596	Femia	15/02/16	ES270100183701	ES031107733917
ES091109775508	Femia	10/07/13	ES270100093601	ES021107807239
ES011109353755	Femia	01/05/12	ES270100093601	ES021106049224
ES011110473580	Femia	17/03/16	ES270100183701	ES041107451573
ES001112748125	Macho	26/01/20	ES270100183701	ES031110473582
ES011112748137	Macho	19/11/19	ES270100183701	ES091111210401

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	12/41



ES011112905892	Macho	17/03/20	ES270100183701	ES041111946876
ES021112748138	Macho	03/12/19	ES270100183701	ES091111946848
ES041112748129	Macho	07/12/19	ES270100183701	ES061110833181
ES061112905897	Macho	22/06/20	ES270100183701	ES011110833164
ES061112905900	Macho	22/07/20	ES270100183701	ES081111210400
ES071112905898	Macho	23/06/20	ES270100183701	ES041111058995
ES081112905899	Macho	28/06/20	ES270100183701	ES051111058996
ES091112905890	Macho	08/06/20	ES270100183701	ES031111004710
ES001112905915	Macho	27/12/20	ES270100183701	ES031112366642
ES011112905916	Macho	06/01/21	ES270100183701	ES051112366633
ES071112905912	Macho	02/12/20	ES270100183701	ES071110473597
ES091112905914	Macho	24/11/20	ES270100183701	ES031111004710
ES081112748123	Macho	13/01/20	ES270100183701	ES021109775512
ES021113398747	Macho	02/02/21	ES270100183701	ES021112366594
ES011111210403	Macho	02/10/14	ES270100183701	ES031109353699

Cachena

Crotal/NPU	Sexo	Data de nacemento	Explotación de nacemento	Crotal da nai
ES011113398780	Femia	08/05/21	ES270100183701	ES061109353738
ES031113398759	Femia	08/05/21	ES270100183701	ES081112366589
ES021113398781	Femia	08/05/21	ES270100183701	ES071106506809
ES041113398783	Femia	10/05/21	ES270100183701	ES041111004700
ES031111058983	Femia	05/07/17	ES270100183701	ES061109353738
ES021110833176	Femia	16/06/16	ES270100183701	ES051111210407
ES091108134296	Femia	27/09/11	ES270100093601	ES051109083870
ES091111210398	Femia	06/11/14	ES270100183701	ES061109353670
ES061112748121	Femia	10/01/20	ES270100183701	ES031111058994
ES001112366592	Macho	02/05/19	ES270100183701	ES091111210398
ES071112366588	Macho	01/04/19	ES270100183701	ES071111210385
ES091112366637	Macho	13/03/19	ES270100183701	ES001111210377
ES071113398753	Macho	05/03/21	ES270100183701	ES001112366616
ES031113398748	Macho	20/02/21	ES270100183701	ES031110833166
ES041113398749	Macho	20/02/21	ES270100183701	ES031110833177
ES071113398742	Macho	10/02/21	ES270100183701	ES071110473586
ES081113398743	Macho	19/02/21	ES270100183701	ES031111058994
ES021112905928	Macho	15/01/21	ES270100183701	ES041111004722
ES061112905924	Macho	04/01/21	ES270100183701	ES041111946854

	IV7FTA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	13/41



ES061113398741	Macho	23/01/21	ES270100183701	ES011112099180
ES001112905926	Femia	30/12/20	ES270100183701	ES041112099183
ES011112905927	Macho	14/01/21	ES270100183701	ES091112099202
ES091113398744	Macho	19/02/21	ES270100183701	ES071111210385
ES051113398740	Macho	22/01/21	ES270100183701	ES041111058984
ES071113398786	Macho	01/07/21	ES270100183701	ES011111058992

Con datas 25 de marzo, 2 de xuño e 23 de xullo do ano 2021, apróbanse mediante decreto a inclusión no inventario de bens da Excm. Deputación Provincial de Lugo de 181 semoventes de gando bovino e 13 semoventes de gando equino, así como a baixa no inventario dunha semovente de gando bovino.

O punto terceiro dos decretos mencionados anteriormente indican a necesidade de elevar ao Pleno desta Deputación Provincial as modificacións no inventario bens, segundo o artigo 34 do Real Decreto 1372/1986, e 13 de xuño polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Á vista de todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno da Deputación Provincial de Lugo que adopte o seguinte acordo:

Aprobación da modificación das semoventes pertencentes a Granxa Gayoso Castro do inventario de bens da Deputación Provincial de Lugo”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=4

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE LUGO E O CONCELLO DE PANTÓN,

	IV7FTA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	14/41



PARA A EXECUCIÓN DOS FINS COMÚNS CONSISTENTES NA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ATENCIÓN A PERSOAS MAIORES NO MUNICIPIO DE PANTÓN.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:


“Logo de ver a proposta do Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Visto o Protocolo Xeral de Colaboración entre a Deputación de Lugo e Concello de Pantón para impulsar a construción dun Centro de Atención a Persoas Maioras no Municipio de Pantón (Lugo), asinado entre as partes o 09.12.2020, no cal recóllase que as partes manifestaban a vontade de impulsar a coordinación e cooperación interadministrativa, para valorizar os recursos dispoñibles encamiñados a responder as demandas sociais: singularmente co Concello de Pantón, para así satisfacer as necesidades sociais existentes coa maior celeridade posible; minorar os custos derivados da actuación illada; garantir o acceso da veciñanza a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente, equilibrada e de proximidade, fornecendo criterios de acceso homoxéneos por razóns de situación biopsicosocial e por razóns de proximidade ao recurso, nomeadamente priorizando a residencia no municipio e na bisbarra correspondente; dar celeridade aos trámites necesarios para a cofinanciación da construción do centro de atención a maiores, de xeito similar ao marco financeiro que se ven aplicando noutros centros residenciais, como os de A Pontenova, Pobra de Brollón, Folgoso de Courel e Portomarín.

O protocolo recollía o compromiso de elaborar un convenio de cooperación para someter á aprobación dos órganos competentes de cada administración, que se asinaría. Este convenio que fixaría, o contido que marca a LRXSP para os convenios interadministrativos, a competencia do Concello de Pantón e da Deputación (cooperación) para a construción dun centro de atención a persoas maiores, as obrigas asumidas por cada parte, o sistema de financiamento coa determinación das respectivas achegas; o obxecto e fins; a duración do convenio; a súa posible modificación; a extinción e efectos, xunto ao seu réxime xurídico.

Dende a Área de Promoción Económica e Social informouse da necesidade de aprobar, por tanto, un *convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de*

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	15/41



Pantón para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun centro de atención a persoas maiores (residencia) no Concello de Pantón, co obxectivo de dar cumprimento coa vontade establecida no protocolo citado.

Tendo en conta o texto do *convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pantón para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun centro de atención a persoas maiores (residencia) no Concello de Pantón*, que se propón, así como, o informe de consignación orzamentaria, o informe do Servizo de Intervención, o informe do Servizo de Contratación e Fomento, así como o informe de fiscalización relativos ao devandito convenio.


Proponse que polo Pleno da deputación de Lugo se adopte o seguintes acordos:

Primeiro.-Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pantón para a execución dos fins comúns consistentes na construción dun centro de atención a persoas maiores (residencia) no Concello de Pantón, cun orzamento total de 1.700.000,00€: a achega da Deputación ascende a contía 1.400.000,00€ e achega económica do Concello de Pantón a 300.000,00€.

Segundo.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no citado convenio, que ascende á contía máxima de 1.400.000,00 €, distribuídos do seguinte xeito:

- Ano 2021: 10.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622 RC 22021/27427
- Ano 2022: 347.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622 RC 220219/575
- Ano 2023: 347.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622 RC 220219/575
- Ano 2024: 347.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622 RC 220219/575
- Ano 2025: 347.500,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 2315.622 RC 220219/575

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	16/41



A Deputación adquire este compromiso, supeditado ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sensibilidade financeira de incluír nos orzamentos das anualidades 2022, 2023, 2024 e 2025 a cantidade de 347.500,00 € para cada anualidade”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=5

COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN, FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS


6.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO DE GASTOS REALIZADOS CON OMISIÓN DE FUNCIÓN INTERVENTORA.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Pola Presidencia preséntase a seguinte proposta:

“Logo de ver o informe favorable emitido pola Interventora Xeral en data 17 de setembro de 2021, en relación con prestacións nos anos 2016 e 2017 a favor da Deputación de Lugo sen contrato previo, polo importe de 523,57 €, obxecto de informe de omisión de función interventora de 03/08/2021 e de resolución da Presidencia de 16/08/2021 acordando que se continúe co procedemento e se eleve ó Pleno o recoñecementoextrajudicial de créditos segundo a base 20.1 de execución do orzamento, aprobando as prestacións executadas e propoñendo unha indemnización substitutiva a favor do terceiro interesado.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	17/41



Todas as facturas constan de expediente individual, se corresponden con gastos dos anos 2016 e sobre todo de 2017, afectan ao capítulo 2: Gastos en béns correntes e servizos da Unidade de Mantemento en subministro combustible para as máquinas de dita unidade. Son gastos periódicos e repetitivos. Representan o 0,0005824307 % sobre o total de obrigacións recoñecidas netas de 2020 de 89.893.958,33 € e o acumulado co anterior ascende a 0,190583 % dos REC deste ano. Constan contabilizadas na conta 413 «Acredores por operacións devengadas», e están conformadas favorablemente pola unidade administrativa, teñen consignación orzamentaria no ano de orixen e no actual exercicio orzamentario, informe do servizo de contratación e fomento, de intervención ademáis documentación obrante nos expedientes, segundo determina a base 20.1 de execución do orzamento.

Polo exposto, e de acordo co artigo 60.2 do Rd 500/1990 e base nº 20.1 de execución do Orzamento Xeral, elévanse o Pleno para adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito o amparo do artigo 60.2 do Rd 500/1990 e o disposto na base nº 20.1 de execución do Orzamento Xeral das facturas que se relacionan no expediente, polo importe de 523,57 €, ase como o recoñecemento das obrigas e o pagamento das mesmas como indemnización substitutiva a favor dos terceiros interesados dos gastos ocasionados pola realización das prestacións nos anos 2016 e 2017, segundo a relación de facturas que figuran no presente expediente.

2º.- Proceder á tramitación do pago por orde de antigüidade das indemnizacións anteriormente relacionadas e con cargo ás aplicacións orzamentarias nela reflectidas”.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, por maioría, coa abstención dos Sr. Deputados D^a. Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada, e eleva ao Pleno a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	18/41



do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=6

7.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO ORZAMENTO DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTE AO ANO 2020.

Logo de ver o ditame da Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, do seguinte teor:

“Pola Presidencia preséntase a seguinte proposta proposta:

“Esta Presidencia, á vista dos informes e documentación obrantes no expediente, e de acordo co artigo 212 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, propón que sexa informada favorablemente a Conta Xeral do Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo correspondente ao ano 2020”.

Examinada a Conta Xeral do Orzamento da Excma. Deputación Provincial de Lugo corresponde ao ano 2020, proponse emitir informe favorable e sometela ao Pleno da Corporación para a súa aprobación definitiva, se procede”.

A Comisión Informativa de Economía, Recadación, Facenda, e Especial de Contas, por maioría, por maioría, coa abstención dos Sr. Deputados D^a. Dolores Castro Ochoa, D. José Jesús Novo Martínez e D. Pablo José Taboada Camoira, representantes do Grupo Provincial Popular, acorda ditaminar favorablemente a proposta presentada, e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	19/41



Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=7

--ooOoo--

8.- PROPOSTA DE GOBERNO EN DEMANDA DA MELLORA DO ACTUAL SISTEMA DE LIMPEZA DAS FAIXAS DE PROTECCIÓN PARA REDUCIR OS RISCOS DE LUMES NOS NOSOS MONTES.

Logo de ver a proposta de goberno sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno en demanda da mellora do actual sistema de limpeza das faixas de protección para reducir os riscos de lumes nos nosos montes

Exposición de Motivos:

Cando falamos de Faixas de Protección aludimos a aquelas fincas situadas nas inmediacións dun núcleo de poboación destinadas a labores agrogandeiros e que constitúen un perímetro de seguranza a vidas e facendas en caso de lume.

O acelerado proceso de desagrarización, o abandono e a forestación desordenada traen consigo que demasiados núcleos de poboación do noso territorio se vexan ameazados polo estado de moitas desas fincas, que situadas no perímetro de seguranza, sen xestionar, ateigadas de biomasa

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	20/41



que funciona como combustible, supoñen unha ameaza, en caso de lume, para as vidas e as facendas.

Foi, a consecuencia da vaga de lumes do 2006, cando a Consellería de Medio Rural reacciona cunha lei, a 3/2007, que contempla a necesaria xestión destas faixas e establece axudas e medidas para a protección dos núcleos de poboación.

En 2009, coa reentrada do PP no goberno da Xunta esta lei foi modificada drásticamente nas distancias establecidas e nunca máis se soubo deste tema ata o outono do 2017 que coa súa violenta vaga de lumes provoca que o goberno galego lembre que había unha lei, que regulaba unhas distancias e unhas medidas necesarias.

Dende a área de Medio Rural da Deputación de Lugo estableceuse, no pasado ano 2020, a primeira convocatoria do programa de axudas ao mantemento de faixas de biomasa “O Que Non Arde”. Este programa naceu como apoio aos concellos da provincia que velan polo cumprimento da normativa de prevención e defensa dos lumes forestais mediante plans de xestión e mantemento das faixas secundarias de biomasa e faixas laterais das redes viarias municipais.


Esta liña de axudas implementouse a través de convenios interadministrativos de colaboración con dous eixos de actuación:

-Eixo 1, dirixido ao fomento da prevención dos incendios forestais, facendo fincapé na roza de masas forestais, matogueiras e outras formacións espontáneas, nas faixas de laterais da rede viaria municipal.

-Eixo 2, destinado ao mantemento da rede de faixas de xestión de biomasa fomentando a adquisición de plántulas de especies arbóreas autóctonas.

“O Que Non Arde” é o primeiro programa impulsado pola Deputación de Lugo neste ámbito. Trátase dunha iniciativa pioneira e prioritaria dentro das liñas de traballo que se desenvolverán ao longo da lexislatura, e que permitiu que concellos como Mondoñedo, Ribadeo ou Viveiro puidesen contar coa axuda da área de Medio Rural.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	21/41



Sen embargo, esta medida ten que ser temporal mentres non se lle dá utilidade a ese abandono ou uso perigoso das fincas situadas en faixas de protección. Porque o abandono destes predios é responsabilidade dos e das propietarias e a seguridade das facendas e vivendas debe ser prioritaria.

En definitiva, a prevención e a protección das vidas dos e das cidadáns dos núcleos do medio rural non se fai con propaganda, faise con medidas efectivas que devolvan os núcleos rurais a unha seguranza na actividade agrogandeira perdida por políticas suicidas que sumiron gran parte do noso territorio na infrautilización e no abandono.

Polo exposto con anterioridade, o Goberno da Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1. Instar á Consellería de Medio Rural para que estableza os prazos e medidas necesarias para que a xestión do combustible nas faixas de protección sexa ultimada antes do período de risco de incendios.
2. Instar á Consellería de Medio Rural para que aborde con rigor a seguridade dos núcleos de poboación establecendo medidas que combatan o abandono, a plantación ilegal e a acumulación de biomasa que poña en perigo a seguridade das xentes e facendas en caso de lume.
3. Instar á Consellería de Medio Rural para que estude a posibilidade que sexan os concellos os que xestionen directamente as faixas de protección, aportando a Consellería os medios necesarios”.

Neste momento auséntase da sesión o señor Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, tendo en conta que o señor Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro ausentouse da sesión, o que equivale a efectos de votación a

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	22/41



unha abstención segundo dispón o artigo 100.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dá o seguinte resultado: votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular presentes na sesión e ó señor Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro que se encontra ausente do Salón de Plenos). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=8

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO AXEITADA ÁS NECESIDADES MARCADAS POLA PANDEMIA, O TRANSPORTE ESCOLAR E A PRESTACIÓN DE SERVIZOS EDUCATIVOS NO RURAL.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta de Galicia a contratación de profesorado axeitada ás necesidades marcadas pola pandemia, o transporte escolar e a prestación de servizos educativos no rural.

A pesares do avance nos procesos de vacinación e na loita contra a pandemia, o curso escolar 2021/2022 segue marcado polos condicionantes derivados da mesma, no que a medidas sanitarias e ratio de alumnos/as por aula se refire. Sen embargo, aínda que a situación aconsellaría manter os niveis de profesorado do pasado curso, a Xunta de Galicia ten anunciado xa un recorte de profesores/as que volve ás cifras vixentes antes da pandemia ou mesmo as reduce.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	23/41



Na súa comparecencia do pasado 14 de setembro no Parlamento de Galicia, o conselleiro de Educación ofreceu as cifras dun xeito confuso, sen distinguir entre mestres de primaria ou de secundaria. Pero si deixou claro que tomaba como nivel de comparación o curso 19/20, isto é, un curso non marcado pola pandemia. E analizando as súas cifras, a realidade é que a redución de profesorado sitúase arredor dos 625 profesores/as menos que no curso 20/21. A pandemia mantense; os profesores/as non.

Esta situación xa está a afectar a moitos centros educativos da provincia de Lugo, dun xeito especial ós do ámbito rural. Algúns, como o CEIP das Nogais, agrupan ós alumnos/as de primaria nun único grupo, cando as ratios derivadas da pandemia aconsellarían contar con dous. No IES Lama de Quendas de Chantada, a falta de profesores/as ten provocado a redución da oferta educativa con respecto ó curso pasado, ca conseguente protesta das familias ante a perda de materias.

O impacto que a redución de profesorado ten no rural, súmase o feito de que a Xunta non garante o transporte escolar gratuíto ós alumnos/as de ensino obrigatorio. E o caso de varias familias de Begonte que contemplan con estupor como o autobús escolar pasa por diante das súas casas sen facer a parada que teñen solicitada, nunha situación que xa mereceu as portadas da prensa polos tinguiduras caciquís dun conflito que ven de lonxe.

O Partido Popular retoma de novo a súa vella receita de recortar en Educación para reducir o gasto público, unha receita que os e as socialistas rexeitamos polo seu impacto negativo na formación dos nenos e nenas, e porque supón instaurar un sistema de desigualdade no que a calidade da educación que reciben os alumnos e alumnas depende do seu lugar de residencia, prexudicando de xeito claro ó mundo rural.

Por iso o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia e á Consellería de Educación:

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	24/41



- Que manteñan a contratación de profesorado de tódolos niveis educativos polo menos nas mesmas cifras do curso 2020/2021, tendo en conta que persisten moitos dos condicionantes marcados pola pandemia, en lugar de apostar por unha redución do número de docentes.
- Que garantan a igualdade de ratios alumno/profesor e a prestación de servizos educativos no rural, de xeito que non queden sen ofertar materias en ningún ciclo e se garanta a igualdade de oportunidades de tódolos alumnos/as da provincia.
- Que elabore un plan de choque para rematar ca agrupación de alumnos de distintos cursos de Primaria nunha sola aula. Esta circunstancia afecta especialmente ós nenos e nenas do rural, ós que se lles nega o acceso á educación que lles corresponde por idade, o que supón de feito unha vulneración dos seus dereitos e unha discriminación.
- Que resolvan o concurso pendente sobre as rutas de transporte escolar e garantan a universalidade do transporte escolar gratuíto a tódolos nenos e nenas da provincia, resolvendo de inmediato situacións de discriminación como as que sofren hoxe as familias de Baamonde”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, tendo en conta que o señor Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro ausentouse da sesión, o que equivale a efectos de votación a unha abstención segundo dispón o artigo 100.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dá o seguinte resultado: votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); en contra, 11 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); abstencións, 1 (correspondente ó señor Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro por encontrarse ausente do Salón de Plenos). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=9

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA, PARA RECLAMAR Á XUNTA DE GALICIA MEDIDAS DE APOIO ÓS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DE VESTAS E UN PLAN DE INDUSTRIALIZACIÓN PARA A MARIÑA E A PROVINCIA DE LUGO.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	25/41



Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista sinalada no epígrafe, que textualmente di o seguinte:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista para reclamar á Xunta de Galicia medidas de apoio ós traballadores e traballadoras de Vestas e un plan de industrialización para a Mariña e a provincia de Lugo.


O anuncio da empresa Vestas de pechar as súas instalacións en Viveiro supón, por desgraza, un novo revés para A Mariña, unha comarca que leva xa varios anos sufrindo as consecuencias da inacción e a falta de política industrial da Xunta de Galicia. A pesares de que o artigo 30.1 do noso Estatuto de Autonomía atribúe ó Goberno galego a competencia exclusiva en “fomento e planificación da actividade económica de Galicia”, o Partido Popular non fixo absolutamente nada ó respecto nos 12 anos ao fronte da Xunta de Galicia.

Ante a pasividade do Goberno da Xunta, o sector industrial galego perdeu arredor de 12.000 empregos nos anos anteriores á pandemia, e o seu peso no conxunto do PIB, o cal leva en caída moitos anos, redúcese a apenas un 16%. Mentres, países da fachada atlántica como Irlanda, cunha cultura que garda moitos puntos de contacto ca galega, o peso da industria no PIB acada o 33%.

Co Partido Popular, en Galicia pechan industrias e a Xunta de Galicia non promove as políticas necesarias para atraer empresas novas. Os dous millóns de metros cadrados de parcelas baleiras que suma Xestur son a mellor testemuña visual do fracaso da política industrial do Goberno autonómico. Mentres, os nosos veciños do norte de Portugal atraen non só empresas estranxeiras senón que ofertan a empresas galegas condicións máis vantaxosas das que estas atopan por parte da Xunta.

A Mariña, que leva tempo inmersa na preocupación que xera a situación xerada pola multinacional Alcoa, suma agora un novo peche dunha industria importante, para a comarca e para a provincia, sen que chegue dende o Goberno Galego un só proxecto, un só plan pensado para reactivar a economía lucense.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	26/41



O Pleno desta Deputación Provincial reclamou en varias ocasións ó Goberno da Xunta un plan de industrialización para a Mariña e para o conxunto da provincia de Lugo, sen obter outro resultado que o silencio. E cumpre lembrar que xunto cas competencias mencionadas no punto 1, o artigo 30 do noso Estatuto recolle competencias en industria (punto 2) así como os “programas xenéricos para Galicia estimuladores da ampliación de actividades produtivas e implantación de novas empresas” (punto 7b) e os “programas de actuación referidos a comarcas deprimidas ou en crise”.

A Mariña está a sufrir unha crise industrial, de perda de emprego e de proxectos de futuro, motivada porque a Xunta de Galicia no cumpre coas súas competencias nin fai o seu traballo . Por iso o Grupo Provincial Socialista somete para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:


- Medidas de apoio ós traballadores e traballadoras afectadas polo peche das instalacións de Vestas en Viveiro e para as súas familias.
- Un plan de reindustrialización para a Mariña, con medidas concretas, achega orzamentaria, proxectos definidos e un calendario de execución e avaliación de resultados”.

Ante esta moción, por parte do Grupo Provincial do BNG preséntanse as seguintes emendas de engádegas:

“Que a Deputación Provincial de Lugo solicite á Xunta de Galicia:

- Medidas de apoio ós traballadores e traballadoras afectadas polo peche das instalacións de Vestas en Viveiro e para as súas familias.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	27/41



- Un plan de reindustrialización e emprego para a Mariña, con medidas concretas, achega orzamentaria, proxectos definidos e un calendario de execución e avaliación de resultados”.

Que a Deputación Provincial de Lugo solicite ao Goberno do Estado:

- A derogación urxente das reformas laborais para recuperar entre outros dereitos a autorización administrativa previa para os EREs, o que podería evitar o cesamento da actividade en Vestas e o despedimento colectivo de 115 traballadores e traballadoras”.

Neste momento incorpórase á sesión o señor Deputado D. Francisco Javier Balado Teijeiro.

Efectuada a votación da moción presentada, unha vez incorporadas a emendas propostas polo Grupo Provincial do BNG e aceptadas polos proponentes da moción, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita, unha vez engadidas as emendas presentadas polo BNG.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=10

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG, SOBRE O ANTEPROXECTO DE LEI DE MELLORA DO CICLO DA AUGA

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	28/41



celebre a corporación provincial, a seguinte Moción sobre o anteproxecto de Lei de Mellora do Ciclo da Auga.

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galiza está a tramitar un novo Anteproxecto de Lei de mellora do ciclo da auga. Este novo texto ven despois do seu fracaso ao intentar impoñer a coñecida como SOGAMA da auga no ano 2019. O obxectivo deste anteproxecto de lei alónxase moito do seu título pois nada do seu contido supón ningunha intervención na mellora da xestión do ciclo da auga por parte da Xunta de Galiza.

Trátase ademais dunha decisión unilateral da Xunta, que vén precedida de:

- Unha política de investimentos, maiormente fondos europeos, en infraestruturas hidráulicas errática, clientelar e non adaptada á realidade galega, como se pon de manifesto entre outros ámbitos nas deficiencias construtivas, de emprazamento, funcionais e técnicas das EDARES e das redes de colectores.


- Un incumprimento sistemático do marco normativo (Directiva Marco da Auga, lexislación estatal, lexislación galega). O caso máis claro e máis escandaloso é o incumprimento pola Xunta da obriga de elaborar os plans xerais de abastecemento e saneamento, como documentos de planificación e xestión previos ás decisións de aprobación de nova normativa

- A incapacidade para crear o Consello para o Uso Sustentábel da Auga, previsto na lei de augas de Galiza de 2010.

- A incapacidade para levar o bo termo o Pacto Local da Auga, que tiña como finalidade establecer unha estrutura tarifaria homoxénea e de referencia para o ciclo urbano da auga en toda Galiza, e determinación de criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas.

- Un sistema competencial fragmentado e incompleto, no que resulta especialmente aberrante a distribución competencial sobre concas hidrográficas. A Xunta de Galiza non ten dado ningún paso nos últimos doce anos para ter a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico galego. A mellora e xestión efectiva do ciclo da auga en Galiza precisa ter a competencia sobre a

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	29/41



totalidade do sistema hidrolóxico galego e non só sobre a bacía de Galiza-costa, xa que o resto do sistema é de competencia estatal.

Os obxectivos reais do anteproxecto poden resumirse en dous: un primeiro é incrementar de xeito abusivo a carga fiscal da Xunta en relación ao ciclo da auga aos Concellos, ás entidades de xestión da auga e ás usuarias domésticas e asimilábeis; e un segundo obxectivo é derivar nas entidades locais, Concellos e Deputacións, as súas obrigas e competencias.

Este anteproxecto de Lei pretende incrementar o recadado polo canon da auga cunha modificación do mesmo para establecer unha nova cota. Será para persoas usuarias da rede e entidades titulares das redes de abastecemento (Concellos e comunidades de augas fundamentalmente) que non acaden o obxectivo de reducir as perdas do sistema ao 20% da auga captada. No canto de planificar melloras en colaboración cos concellos e entidades titulares das redes de abastecemento, límitase a introducir un incremento no canon para sancionar a quen presta e recibe o servizo. E fai isto sen que por parte da Xunta se teña avanzado na planificación do abastecemento. Como se se tratase dunha broma pesada faino nun ano no que vimos como as eléctricas baleiraban os encoros galegos para lucrarse da nosa auga.

O anteproxecto tamén introduce un canon de abastecemento para aquelas infraestruturas de abastecemento que xestiona a Xunta, novamente este canon non está acompañado de ningún estudo de costes e supón un importante incremento sobre o coste actual.

O canon da auga non é o único tributo que incrementa a Xunta. Tamén transforma o coeficiente de vertedura en dous novos tributos: o canon de depuración e o canon de colectores. Incrementa o canon de depuración na fórmula de cálculo e introduce a obrigatoriedade de pago dos Concellos de canon de depuración pola auga da chuvia. Despois de anos de nula xestión do sistema de depuración por parte da Xunta e de escasa colaboración cos Concellos na mellora da rede de saneamento, pretende obrigar aos concellos a pagar pola depuración da auga da chuvia. O problema da entrada da auga da chuvia nas edares ten máis que ver cun sistema de saneamento que non se adapta ás características de Galiza e cun modelo de saneamento do rural impulsado desde a Xunta que non ten en conta o noso modelo de asentamento poboacional que coa xestión da rede que se fai por parte dos Concellos.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	30/41



Máis de unha década sen elaborar o Plan Xeral de Saneamento de Galiza e agora pretende incrementar a carga fiscal sobre os Concellos e sobre os seus veciños e veciñas, para financiar a xestión das edares. Por se non lle chega con este cambio fiscal, introduce un novo canon para os Concellos e a súa veciñanza, pagar unha taxa polos colectores que xestiona a Xunta, separando as depuradoras dos colectores de entrada aos mesmos. Con estes tres cambios fiscais: canon da auga, canon de depuración e canon de colectores a Xunta multiplica por tres a carga fiscal actual pola xestión do ciclo da auga sen que isto supoña ningunha mellora na súa xestión por parte da Xunta.

Ademais, introduce condicións de financiamento e colaboración coas entidades locais en materia de abastecemento e saneamento arbitrarias, sen ter base nun estudo da realidade da xestión do ciclo da auga, sen ter en conta a capacidade económica dos Concellos e sen incluír o esforzo orzamentario que levan feito os Concellos nesta materia. Chega a invadir competencias doutras administracións ao pretender establecer mediante lei un sistema de financiamento a terzos (Deputacións, Concellos, Xunta) das infraestruturas hidráulicas nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

A falta de interese por parte da Xunta de chegar a unha axeitada xestión do ciclo da auga tamén se pon de manifesto polo feito de ter exposto a suxestións este Anteproxecto de Lei durante o verán, conscientes das dificultades dos Concellos para estudalo nesa época e da sociedade en xeral para poder coñecelo. Un interese real por resolver un problema tan grave para Galiza como a xestión do ciclo da auga precisa dunha actuación con altura de miras, con visión de país e con medidas reais para implicar a todos os actores involucrados na súa solución: Xunta, Entidades locais, comunidades de Augas, empresas, movemento asociativo e persoas usuarias...

O anteproxecto de lei carece dunha visión global do problema adaptado ás características do noso país (modelo de asentamento poboacional, ciclo hidrolóxico, entidades comunitarias xestoras do ciclo da auga, actividades consumidoras de auga, necesidades de rexeneración de cauces e litoral...), e tampouco contribúe a aclarar as necesarias competencias sobre a totalidade dos recursos hidrolóxicos do país.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Provincial do Bloque

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	31/41



Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a adopción dos seguintes acordos:

Instar á Xunta de Galiza a:

1.- Paralizar a tramitación e retirar o Anteproxecto de Mellora do Ciclo Integral da Auga, e elaborar previamente unha planificación xeral dunha xestión do ciclo da auga adaptada á realidade galega e aos principios da nova cultura da auga. Para este proceso de planificación, abrirase un marco de negociación con todas as entidades e axentes na xestión do ciclo da auga.

2.- Concluir os traballos do pacto local da auga.

3.- Crear o Consello para o Uso Sustentábel da Auga.

4.- Consensuar coas administracións locais os criterios dos plans de investimentos en obras hidráulicas para o período 2021-2030, nomeadamente no que ten que ver coa elaboración e aprobación do Plan hidrolóxico Galiza Costa e cos proxectos a financiar con fondos europeos, tanto do Next Generation como do marco 2021-2027.


5.- Reclamar do Estado a competencia sobre a totalidade do sistema hidrolóxico na Galiza”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 12 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=11

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	32/41



12.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO AO GOBERNO A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA A REBAIXA DO PREZO DA LUZ.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular instando ao Goberno a adopción de medidas para a rebaixa do prezo da luz.


Exposición de Motivos:

Nas primeiras semanas do ano 2021 o sistema eléctrico experimentou un encarecemento substancial dos prezos, acadando niveis por riba dos 90€/MWh, que supoñían xa daquela máximos históricos, co conseguinte impacto negativo na factura eléctrica de familias, pemes e autónomos.

Neste contexto, o pasado 1 de xuño entraba en vigor o novo modelo de factura eléctrica para os case 11 millóns de consumidores españois acollidos ao PVPC (Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor). Daquela o *Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico* animaba aos consumidores a trasladar o consumo de enerxía eléctrica das horas punta aos tramos chan e val (os de menor demanda). Este cambio nos hábitos de consumo redundaría en “*menores custos para os consumidores*” e “*un maior aforro na factura*”, tal e como se recolle na nota de prensa do Ministerio do pasado 5 de maio.

Nada máis lonxe da realidade. Son moitos os días nos que os medios de comunicación nos trasladan prezos récord consecutivos da luz. No mes de xullo o prezo medio no mercado maiorista acadou os 92,42 €/MWh; en agosto, 105,94 €/MWh; e o pasado 16 de setembro a cifra de 188,18 €/MWh, cuadruplicando o valor que marcou durante o terceiro xoves de setembro de 2020 (47,11 euros).

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	33/41



Unha subida desbocada do megavatio hora que impacta de maneira moi especial nos colectivos máis vulnerables – aumentando o risco de pobreza enerxética – e naqueles autónomos, pemes e empresas que non teñen capacidade para adaptar a súa actividade aos novos tramos horarios.

Por outra banda, hai que engadir que – ata agora- en España menos do 40% da factura da electricidade dependía do custe da enerxía. O resto, débese aos custos regulatorios derivados da xestión política (por exemplo, subvencións ás renovables ou ao carbón ou o déficit de tarifa, entre outras) e aos impostos (o Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica ou o IVE, entre outros).

Polo tanto, unha das vías máis inmediatas para reducir a factura da luz é a rebaixa dos impostos e custos que gravan a electricidade, pero cómpre desenvolver medidas estruturais que afronten unha verdadeira reforma do sistema eléctrico. Sen embargo, mentres as familias, pemes, autónomos e todo o tecido empresarial galego – é especialmente a industria electroatensiva -, están moi preocupados por estas subidas descontroladas do prezo da electricidade, as medidas aprobadas polo goberno de España, non só chegan tarde, senón que son insuficientes e nacen desde a improvisación, sen explicar que consecuencias terán o próximo ano.

Así pois, a partida de gasto prevista nos orzamentos municipais non abondará para facer fronte a estes incrementos do prezo da luz, cando as prioridades de gasto deberían ir encamiñadas a atender as necesidades dos nosos veciños.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular presenta esta moción coa seguinte proposta de acordo:

1º- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao Goberno de España a eliminar o tipo de gravame do Imposto sobre o Valor da Produción de Enerxía Eléctrica do 7%, modificando a Lei 15/2012, de 27 de decembro de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.

2º.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao Goberno de España a modificar a Lei 24/2013, do Sector Eléctrico para que, entre outros aspectos, determinados custos regulatorios

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	34/41



que se trasladan á factura eléctrica (débeda do sistema eléctrico e custos extrapeninsulares) sexan financiados integramente con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado.

3º- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao Goberno de España a modificar a Lei 37/1992, do Imposto sobre o Valor Engadido para facer permanente a rebaixa do IVE da electricidade do 21 ao 10%.

4º- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao Goberno de España a impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, na medida en que o período val de luns a venres, no que a tarifa é máis barata, vai desde as 12 horas da noite ata as 8 da mañá, o que fai moi difícil o aforro das familias.

5º.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao Goberno de España ampliar o dereito de poder acollerse ao Prezo Voluntario do Pequenos Consumidor (PVPC) ata potencias que iguais ou inferiores a 15 KW para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico.

6º.- O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao Goberno de España a loitar contra a pobreza enerxética entre os consumidores máis vulnerables, establecendo axudas específicas para o pagamento de facturas e asumindo o 100% dos custos para evitar o corte da subministración eléctrica”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); abstencións, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=12

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	35/41



13.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A INTEGRACIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES DE SARRIA NA REDE DE CENTROS DE ATENCIÓN A MAIORES DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular, que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular, para a integración da residencia de maiores de Sarria na Rede de Centros de Atención a Maiores da Deputación de Lugo.

Exposición de Motivos:


A residencia de maiores “ A Nosa Señora do Carme” de Sarria, iniciou o seu funcionamento o 29 de agosto de 1983, cando ingresaron nas súas novas instalacións os 9 primeiros residentes, sendo inaugurada oficialmente o 21 de xullo de 1985.

Os estatutos, polos que se rexe foron aprobados por acordo do pleno do Concello en sesión celebrada o día 14 abril de 1983 e posteriormente modificados o 28 de setembro de 1989.

A Deputación de Lugo ten unha proposta de “ convenio marco interadministrativo de cooperación”, entre os Concellos da provincia e a propia Deputación, para implantar e executar un sistema de servizos sociais en CAM e centros de día, de titularidade municipal, unha finalizada a construción de ditos centros.

O Concello de Sarria, vén de acordar, no pasado Pleno de agosto, solicitar a integración do centro sarriano na rede Provincial, a fin de que sexa tratado igual aos outros concellos que teñen centros de atención a maiores, públicos, municipais, na provincia, o que ademais de ser de xustiza e equidade, incidirá na igualdade entre Concellos, cumprirá coa obriga legal e competencia

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	36/41



provincial propia de cooperar e asistir aos concellos de menos de 20.000 habitantes, cal é o caso que nos ocupa.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular, presenta esta moción, para o seu debate e posterior votación, concordante coa aprobada polo Concello de Sarria e coa seguinte proposta de acordo:

O Pleno da Deputación Provincial de Lugo insta ao goberno provincial a:

1.- Integración da residencia de anciáns a Nosa Señora do Carme do concello de Sarria dentro da rede de xeriátricos da Deputación de Lugo, e iso a través dunha negociación da Deputación de Lugo e o Concello de Sarria para definir os termos e as condicións desta integración.

2.- Instar ao compromiso da corporación local de Sarria á aprobación do Convenio Marco interadministrativo de cooperación, entre os concellos da provincia e a Deputación de Lugo para implantar e executar un sistema de servizos sociais en centros de atención a persoas maiores.

3.- Instar ao concello de Sarria á aprobación das ordenanzas:


- Acceso ao servizo de atención a persoas maiores.
- Reguladora do prezo público para a estancia na residencia”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 25; votos a favor, 12 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 10 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista); abstencións, 3 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada e anteriormente transcrita.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=13

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	37/41



PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

14.- CONTA DO INFORME DE AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DE OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI 2/2012, DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCIERA A 30 DE XUÑO DE 2021 E PREVISIÓNS A 31 DE DECEMBRO DE 2021.

Dáse conta do informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de xuño de 2021 e previsións a 31 de decembro de 2021. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=14

15.- CONTA DA INFORMACIÓN ECONÓMICA A 30-06-2021.

O Pleno da Corporación queda enterado da información económica a 30-06-2021.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=15


16.- CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE XULLO E AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día un de xullo ao trinta e un de agosto de dous mil vinte e un, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 2499 ao 3248. O Pleno da Corporación queda enterado.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=16

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	38/41



17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=17

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Presidente manifesta que hay duas Preguntas pendentes do pasado pleno, e dado que xa están formuladas, procederá a dar resposta ás mesmas dona Pilar García Porto, tendo a posibilidade o Grupo que formulou as preguntas de realizar a repregunta correspondente. Así mesmo indica que tamén hay formulado un Rogo que se tratará despois das preguntas.

PREGUNTAS


Primeira.- Formulada polo Grupo Provincial do Partido Popular, relativa aos polígonos industriais, e que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

A este grupo preocúpalle, tal e como o puxo de manifesto en reiteradas ocasións, a política que está a levar a cabo o equipo de goberno respecto ao solo industrial provincial.

Certo é que na sesión ordinaria da xunta de Goberno da Deputación, celebrada o pasado venres 23/07/21, un ano despois da sinatura do protocolo para a construción dunha área industrial en A Fonsagrada, se aprobou o convenio interadministrativo de cooperación entre as ditas entidades para a redacción do proxecto para a construción da dita área.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	39/41



E que, asemade, na dita sesión, se aprobou o procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación, mediante poxa pública, nos concellos de Castroverde e de Chantada.

Pero tamén é certo que existen outros polígonos promovidos e mesmo construídos pola extinta Suplusa actualmente propiedade da Deputación.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular formula a seguinte pregunta:

Cal é o criterio que segue o equipo de goberno provincial para determinar qué polígonos industriais se van levar a cabo tendo en conta que existen concellos con convenios firmados coa extinta Suplusa que levan anos esperando a que se executen como é o caso de Riotorto, do que so falta partida económica, ou outros como Baralla, Guntín, Triacastela, etc.?.

Por qué non se aprobou o procedemento de alleamento para todas as parcelas de uso industrial, mediante poxa pública, que na actualidade están dispoñibles nos parques industriais construídos pola sociedade urbanística provincial?. En que data ten programado facelo??.


Segunda.- Relativa aos traballadores da extinta Suplusa, en relación á forma en que lles afectará o novo marco legal sobre a temporalidade, e que textualmente di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación Provincial, a seguinte Pregunta:

Visto o novo marco legal aprobado para a redución da temporalidade no emprego público, o Grupo Provincial do Partido Popular formula a seguinte pregunta:

O equipo de goberno provincial vai estudar se o novo dito marco legal podería afectar aos traballadores da extinta Suplusa ??.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	40/41



ROGO

Formulado polo Grupo Provincial do Partido Popular relativo á realización de achegas a clubs de 3ª División de Fútbol, que di o seguinte:

“Javier Jorge Castiñeira, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, trasládalle para a vindeira sesión ordinaria que celebre o Pleno da Excm. Deputación Provincial de Lugo o seguinte **rogo**:

Na actualidade na provincia hai 3 clubs que compiten na 3ª. División de Fútbol.

No orzamento provincial do ano en curso, 2021, so se consigna como subvención nominativa a cantidade de 20.000, 00 € para un destes clubs.

A vista do exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular solicita ao equipo de goberno da Deputación que arbitre a fórmula acaída para aportar unha achega por importe igual o antes indicado ao Viveiro Club de Fútbol e aos demais da provincia de Lugo que compitan nesta categoría e que no próximo orzamento se consigne xa a cantidade total para subvencionar a todos os que participen nesa división”.

Intervencións:

http://videoactas.deputacionlugo.org/plenos.php?meeting=video_202109281110000000_FH.mov&topic=18

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e dez minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.

	IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Fecha y Hora	13/10/2021 12:01:46
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	MARÍA ESTHER ÁLVAREZ MARTÍNEZ (Secretaria Xeral)		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7FTXA2AHWTTOWN6LQSIJKAME	Página	41/41

